**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE NOVEMBRO DO 2017.-**

Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna Mª Victoria Montenegro Paz Dna Olimpia Marcos García Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. D. José Juan Vilar Rico. D. Gustavo Pita Carballera D. Luis Cendán Fernández. D. Emilio Mesías Farias Dn. Manuel Bello Bouza Dna Cristina Cadena Freire Dna. Josefina Martínez Martínez.estudo Dna. Marta Seijas Díaz. D. Ricardo José Lage Fernández Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.	No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e tres minutos do día trinta de novembro do dous mil dazasete, previa convocatoria e citación ó efecto, reúñese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D.Manuel Larrosa Rodríguez.
---	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluidos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

**1º.- APROBACIÓN PROVISIONAL P.X.O.U.**

Dase conta dos informes de Secretaría-Intervención de data 21/11/2017, que seguidamente se transcriben;


**INFORME XURÍDICO-TÉCNICO****APROBACIÓN PROVISIONAL P.X.O.U**

De conformidade co disposto no artigo 173.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime xurídico das Entidades Locais, polos funcionarios que suscriben, emítense o seguinte

**INFORME**

**PRIMEIRO.-** Polo equipo redactor do Plan Xeral de Ordenación Municipal presentouse a versión inicial do mesmo, incorporando o Estudo ambiental estratégico, informados polos funcionarios que subscriben con data 24 de febreiro de 2014:

**"NOVENO.-** Analizado o proxecto de Plan Xeral de Ordenación Municipal presentado, considérase que o seu contido cumpre cos requisitos legais esixidos, integrándose coa documentación esixida polo artigo 61 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. O proxecto de Plan Xeral de Ordenación Municipal é conforme coa lexislación vixente por canto cumpre coas determinacións da Lei 9/2002 e demás normas sectoriais de aplicación, en especial as Directrices de Ordenación do Territorio aprobadas polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio e o Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de



*Ordenación do Litoral de Galicia, recollendo as observacións ao respecto emitidas pala Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo no informe previo á aprobación inicial de data trece de setembro do 2013."*

Con data 06-03-2014 o Pleno do Concello aprobou con carácter inicial o PXOU incluído o informe de sustentabilidade ambiental, sendo sometido a información pública mediante edictos nos xornais La Voz de Galicia e Diario de Ferrol do 03-04-2014 e no Diario Oficial de Galicia DOG núm. 65, do 03-04-2014.

**SEGUNDO.-** Examinado o expediente administrativo, estímase que os trámites seguidos ata a data, así como o contido material e formal-documental do Proxecto, axústanse ás disposicións contidas nos artigos 51 a 59 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, coas previsións da Disposición Transitoria segunda "Adaptación do planeamento":

#### **Disposición transitoria segunda Adaptación del planeamiento**


*Los planes aprobados provisionalmente antes de la entrada en vigor de esta ley podrán continuar su tramitación hasta su aprobación definitiva a tenor de las normas procedimentales y determinaciones dispuestas en la Ley 9/2002. de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia. La competencia para su aprobación se regirá por el régimen establecido en la Ley 2/2016. de 10 de febrero• del suelo de Galicia.*

*Los que, en esa misma fecha, ya hayan sido aprobados inicialmente podrán adaptarse íntegramente a esta ley o continuar su tramitación a tenor de las normas procedimentales dispuestas en la Ley 9/2002. de 30 de diciembre• de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia. aunque sus determinaciones deberán adaptarse plenamente a esta ley. La competencia para su aprobación se regirá por el régimen establecido en la Ley 2/2016. del suelo de Galicia. La simple adaptación del contenido del plan en tramitación a las disposiciones establecidas en esta ley no implicará, por si sola. la necesidad de someterlo a nueva información pública, excepto cuando se pretendan introducir otras modificaciones que alteren sustancialmente la ordenación proyectada y no sean consecuencia de la adaptación.*

*Los planes en tramitación que no hayan alcanzado la aprobación inicial en la fecha de entrada en vigor de esta ley deberán adaptarse plenamente a ella.*

**TERCEIRO.-** Con arranxo ao artigo 77 da derogada Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o aorde de aprobación inicial dos instrumentos de ordenación determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de plan cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente; para estes efectos, determinará expresamente as áreas afectadas pola suspensión. A suspensión determinada pola aprobación inicial terá unha duración máxima de dous anos a contar da devandita aprobación e en calquera caso se extinguirá coa aprobación definitiva do plan (hoxe en día artigo 47 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia

**CUARTO.-** De acorde co artigo 85 da derogada Lei 9/2002, de 30 de decembro, rematada a fase de elaboración do planeamento e antes da súa apobación inicial, unha vez emitidos os informe técnicos e xurídicos con carácter previo á aprobación inicial, procederáse á súa aprobación inicial. Sometendo o documento a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se



publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Unha vez transcurrido o período de consultas e información pública, e con carácter previo á aprobación provisional ou á definitiva cando aquela non xesa preceptiva. Enviarán ao órgano ambiental a documentación completa do plan que tome en consideración o informe de sostibilidade ambiental, as alegacións e os informes presentados no período de consultas, así como unha proposta de memoria ambiental.

O órgano ambiental no prazo de dous meses dende a recepción da documentación completa elaborará a memoria ambiental ao obxeto de avaliar a integración dos aspectos ambientais na proposta do plan, na que se analizarán o proceso de evaluación, o informe de sostibilidade ambiental e a súa calidade, avaliaráse o resultado das consultas realizadas e cómo foron tomadas en consideración e se analizará a previsión dos impactos significativos da aplicación do plan.

A memoria ambiental conterá as determinacións finais que deban incorporarse á proposta do plan. Terá carácter preceptivo e se terá en conta no plan antes da súa aprobación definitiva.

Si houbera transcurrido o prazo para elaborar a memoria ambiental sen que houbera sido comunicado ao órgano promotor, entenderáse aceptada a proposta de memoria ambiental enviada ao órgano ambiental e se poderá continuar a tramitación do plan.

O Concello ao mesmo tempo que o trámite de información pública, deberá recabar das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios, que haberán de ser emitidos no prazo máximo dun mes, salvo que a lexislación sectorial sinale outro prazo.

Durante o prazo de información pública foron presentadas 647 alegacións, as cales foron informadas polo equipo redactor nos termos que no expediente consta. Así das 647 alegacións en fase de remisión para a formulación da Memoria Ambiental do Plan Xeral de Ordenación Municipal á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, foron estimadas 178, 71 parcialmente estimadas, 387 desestimadas e 11 pendentes por falta de documentación.

Neste sentido, e de acordo co determinado polo equipo redactor do PXOM, os organismos afectados por razón das súas competencias sectoriais foron os seguintes:

Xeral de Conservación da Natureza/ Consellería do Medio Rural e do Mar / Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural /	755/de2 de maio de 2014	
Consellería de Economía e Industria / Dirección Xeral de Industria	759/2 de maio de 2014	
Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas /Dirección Xeral de Mobilitade	760/2 de maio de 2014	
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria / Dirección Xeral de Patrimonio Cultural/	762/ 2 de maio de 2014 07/07/2017 27/10/2017	26/12/2016 26/09/2017 21/11/2017
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria/ Dirección Xeral de Educación Formación Profesional e Innovación Educativa	756/2 de maio de 2014	
Concello de Fene	765/2 de maio de 2014	
Concello de Muxíños	766/2 de maio de 2014	
Ministerio del Interior /Dirección General de Protección Civil e Emergencias/	350/25 de febreiro de 2015	
Consellería de Facenda	347/25 de febreiro de 2015	
Asociacións ecologistas		
Avaliación ambiental estratégica	23/12/2016	16/05/2017
Enafesa	1599/ 25/09/2017	4150/ 02/11/2017
Geseco A guas	1600/ 25/09/2017	03/11/2017



Suliñar que o último informe rexistrado (21-11-2017) da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural relativo ás subsanacións das cautelas recollidas no informe do 20.09.2017 ao documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal, tras efectuar as preceptivas consideracións legais, conclúe O documento achegado, normativa e catálogo acompañado do informe técnico interpretativo do equipo redactor, recolle as condicións e requerimentos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural ao longo da súa tramitación, en especial responde o informe desta Dirección Xeral do Patrimonio Cultura do 20.09.2017, e desde xeito ofrece unha suficiente garantía para protexer o patrimonio cultura do termo municipal, polo que se emite un **informe favorable**.

Tomando en consideración as alegacións formuladas nos trámites de información pública e de consultas, o Concello modificará, de ser preciso, o estudo ambiental estratéxico e elaborará a proposta do plan, que remitirá ao órgano ambiental xunto co expediente de avaliación ambiental estratéxica completo. O órgano ambiental, no prazo máximo dun mes, realizará unha análise técnica do expediente e unha análise dos efectos significativos da aplicación do plan no medio ambiente. Si durante a referida análise observase alguma deficiencia, instará o Concello a emenda no prazo máximo de tres meses. Neste suposto, suspenderase o cómputo do prazo para a formulación da declaración ambiental estratéxica. Si, transcorridos tres meses desde o requerimento do órgano ambiental, o Concello non remitise o expediente emendado, ou si unha vez presentado fose insuficiente, o órgano ambiental dará por finalizada a avaliación ambiental estratéxica, notificando ao concello promotor e á consellería competente en materia de urbanismo a resolución de terminación.


O órgano ambiental, tras realizar a análise técnica do expediente, no prazo de dous meses, a contar desde a recepción da documentación completa, formulará a declaración ambiental estratéxica, que haberá de ser publicada no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica do órgano ambiental.

Consecuencia da Resolución de 2 de maio de 2017 pala que se formula a devandita Memoria Ambiental do P.X.O.M. ao incorporar as modificacións derivadas da mesma, resultan 382 alegacións desestimadas, 192 estimadas e 73 parcialmente estimadas.

Cubertos os trámites sinalados, o Concello incorporará o contido da declaración ambiental estratéxica ao plan, introducindo as modificacións que fosen necesarias, elaborará un extracto co contido sinalado no artigo 82 da Lei 2/2016 , do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e indicará as medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no medio ambiente da aplicación do plan, sendo unha vez aprobado definitivamente o PXOM nos termos do artigo 14 da Lei 9/2006, do 28 de abril, remitido á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio

Climático a seguinte documentación en soporte dixital:

- PXOM aprobado.
- Unha declaración que resuma os seguintes aspectos :
- De que modo foron integrados no PXOM os aspectos ambientais.
- Como se tomaron en consideración o ISA, os resultados das consultas, a Memoria ambiental, así como, cando proceda, as discrepancias xurdidas no proceso.
- As razón da elección do PXOM aprobado, e relación coas alternativas presentadas.
- As medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no medio.
- Un resumo non técnico sobre a documentación contida nos dous puntos



anteriores.

No caso de que se introducirán modificacións que signifiquen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, para adopción de novas criterios respecto da clasificación e cualificación do chan ou en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio, abrirase un novo trámite de información pública.

No presente caso, aos efectos do artigo 60.12 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia : "En caso de que se hubieran introducido modificacións que signifiquen un cambio sustancial del documento inicialmente aprobado, por la adopción de nuevos criterios respecto a la clasificación y calificación del suelo o en relación con la estructura general y orgánica del territorio, se abrirá un nuevo trámite de información pública.", é necesario acudir a doutrina xurisprudencial para chegar a determinar o alcance e contido de "modificación sustancial" como concepto xurídico indeterminado :

Así a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Valencia (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección VI) de 14 de abril de 1998, establece no Fundamento Xurídico 2º:

"Los nuevos períodos de información pública sólo son exigibles, en el procedimiento de elaboración de los planes, en aquellos supuestos en los que las alteraciones introducidas sean de tal entidad que impliquen una mutación grave y consistente del modelo territorial propuesto por el plan, hasta el punto de que exigirían, en rigor la redacción de un nuevo proyecto.

La 5 5 de junio de 1995 del Tribunal Supremo, se pronunció en el siguiente sentido:

" El art. 130 del Reglamento de Planeamiento preceptúa la necesidad de nuevo trámite de información pública, cuando la aprobación provisional de un proyecto del Plan Urbanístico comporte una modificación sustancial respecto del contenido de la Aprobación Inicial, e idéntico criterio respecto de la Aprobación Definitiva, mantiene el art. 132.3,b) del mismo Reglamento.... La apreciación del carácter sustancial de cualquier modificación en las determinaciones de un Plan de Ordenación Urbana, durante su tramitación, presupone el reconocimiento de un concepto jurídico indeterminación cuya integración ha de ser colmada en cada caso concreto y específico, en función de las características y trascendencia de tales modificaciones. No obstante ello, esta Sala viene reiteradamente mantenimiento en su doctrina jurisprudencia/ que, con carácter general, la sustancia/idad de tales modificaciones ha de ser interpretada restrictivamente, de tal modo que la repetición de la información pública en la tramitación de un Plan habrá de tener llegar cuando las modificaciones introducidas supongan un nuevo esquema de planeamiento y alteran por tanto de una manera esencial, o al menos importante, las líneas y criterios básicos del Plan y su propia estructura, y por ello no será precisa una nueva Información Pública cuando las modificaciones afecten a aspectos concretos del Plan y no quede afectado el modelo territorial dibujado en el mismo.

Por su parte, la 5 12 de junio del año 95 del Tribunal Supremo se ratifica en esta línea, recogiendo, además, lo que constituye una Doctrina Jurisprudencia/ reiterada, haciendo al efecto las siguientes manifestaciones:

"..... asimismo, esta Sala, en sus Ss. 3 de mayo y 28 de noviembre de 1990, 27 de febrero y 5 de abril de 1991, 10 de marzo de 1992, 10 y 23 de marzo, así como 28 de septiembre, q5 y 16 de diciembre de 1993, entre otras , ha precisado el concepto de Modificaciones Substanciales a efectos de la nueva



Información Pública entendiéndolo en el sentido de que los cambios supongan alteración del modelo de planeamiento elegido, al extremo de hacerlo distinto y no solamente diferente en aspectos puntuales ya accesorios, una alteración en la estructura fundamental del planeamiento elaborado, un nuevo esquema del mismo que altere, por tanto, de manera importante y esencial, sus líneas y criterios básicos y su propia estructura, no cuando las modificaciones afecten a aspectos concretos del plan y no quede afectado el modelo territorial dibujado en él" (fundamento de Derecho segundo, *in fine*).

Aunque ciertamente como demuestra la Prueba Pericial, las modificaciones introducidas han sido cuantiosas, la cantidad no se transforma en calidad por el mero hecho de su magnitud, de tal manera que sólo existe "Alteración Sustancial" cuando los cambios son de tal naturaleza que, el modelo territorial derivado de la modificación es materialmente distinto del aprobado inicialmente.


No tienen la naturaleza de alteraciones substanciales, según la doctrina expuesta; ni la modificación en la calificación de parcelas; ni someras alteraciones en los límites del suelo urbano; ni la supresión o desplazamiento de zonas verdes; ni la reducción de ciertos viales o la modificación de otros; ni ligeros aumentos de edificabilidad en ciertas zonas; ni la redimensión de unidades de ejecución; ni los cambios técnicos en la redacción de Ordenanzas; ni ciertas modificaciones en la determinación de algunos usos en ciertas zonas; ni leves alteraciones en el alcance de los Estudios de Detalle, ni la creación de nuevas Unidades de Ejecución; ni el cambio de los Sistemas de Actuación en ciertos unidades de Ejecución; ni los circunstanciales cambios de uso en algunos puntos del Plan.

Es más, muchas de estas modificaciones, fueron introducidas a instancia de los particulares, benefician a ciudadanos concretos y, fueron aceptadas por la administración urbanística. Ninguna de ellas, reiterando la doctrina expuesto, tanto se consideren aisladamente, como en conjunto, alteran el modelo territorial propuesto por el plan y diseñado en la Memoria del mismo, ni son tan consistentes que exigirían la redacción de un nuevo instrumento.

A Sentenza do T.S (Sala 3<sup>a</sup>, Sección 6<sup>a</sup>) de 19 de setiembre de 1998, establece no Fundamento de Dereito terceiro :

"....., sólo pueden considerarse modificaciones sustanciales aquellas que, por alterar fundamentalmente el modelo territorial sometido a una anterior información pública, pueden hacer entender que falta ésta, lo que obliga a reiterarla, y para ello es preciso que la modificación, por la superficie afectada o por su extensa relevancia dentro de la estructura general y orgánica de la ordenación del territorio, venga a alterar seriamente el modelo territorial elegido".

Quinto.- Os funcionarios que suscriben, ratifican o informe de 20 de novembro de 2017 do Equipo redactor no senso de que as correccións introducidas para a probación provisional non significan modificacións que supoñan un cambio sustancial do documento inicialmente aprobado. Adaptado o contido do Plan en tramitación á nova Lei 2/2016, do 10 de febreiro, nos termos da Disposición Transitoria Segunda que establece que "la simple adaptación del contenido del Plan en tramitación a las disposiciones establecidas en esta Ley no implicará, por sí sola, la necesidad de someterlo a nueva información pública, excepto cuando se pretendan introducir otras modificaciones que alteren sustancialmente la ordenación proyectada y no sean consecuencia de la adaptación".



Visto canto antecede polos servizos xurídicos e técnicos municipais, consideráse que o expediente seguiú a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación provisional polo Pleno deste Concello, de conformidade co previsto no artigo 60.13 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e nos artigos 22.2.c) e 47.2.11) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local.

Previo informe dos servizos xurídicos e técnicos municipais respecto da integridade documental do expediente, as actuacións administrativas realizadas e a conformidade do plan coa lexislación vixente, o concello aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que fosen pertinentes. O expediente completo, debidamente diligenciado, será remitido previamente aos órganos competentes en materia de Costas da Administración do Estado e da Xunta de Galicia para logo ser remitido á Consellería competente en materia de urbanismo; informándose favorablemente a integridade documental do expediente por considerar que atopáse completo.

Asemade o documento do PXOM que informáse para a súa aprobación provisinal é conforme coa lexislación urbanística e ambiental vixente, así como coas disposicións da lexislación sectorial afectada.

Previamente a remitir o expediente completo á Consellería competente para a súa aprobación definitiva, nos termos do artigo 117.2 da Lei 22/1988 e Costas, modificada pola Lei 2/2013, de 29 de maio, de Protección e Uso Sostible do Litoral, deberá remitir una copia do expediente correxido, completo, diligenciado á Dirección Xeral de Sustibilidade da Costa e do Mar do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente así como a Costas da Xunta de Galicia nos seguintes termos:

Artículo 117. Concluida la tramitación del plan o normas de que se trate e inmediatamente antes de la aprobación definitiva, la Administración competente dará traslado a la del Estado del contenido de aquél para que en el plazo de dos meses se pronuncie sobre el mismo. En caso de que el informe no sea favorable en aspectos de su competencia, se abrirá un período de consultas, a fin de llegar a un acuerdo. Si, como resultado de este acuerdo, se modificara sustancialmente el contenido del plan o normas, deberá someterse nuevamente a información pública y audiencia de los Organismos que hubieran intervenido preceptivamente en la elaboración.


**SEXTO.- Tratándose dun municipio con poboación inferior a 50.000 habitantes, a Consellería, no prazo de tres meses, a contar desde a entrada do expediente completo no rexistro da Consellería, adoptará motivadamente algunha das seguintes decisións:**

**Aprobar definitivamente o plan, nos mesmos termos en que se formula.**

**Aprobar definitivamente o plan coas condicións precisas e determinadas que se estimen necesarias para emendar as deficiencias que presente o documento, derivadas dos extremos da súa competencia sinalados no apartado 15 anterior. Neses casos, de ser necesario, procederase de acorde co establecido no artigo 62 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.**

**Aprobar parcialmente o documento, cando as deficiencias afecten a áreas ou determinacións tan concretas que, prescindindo delas, o plan poida aplicarse con coherencia. A parte obxecto de reparos quedará en suspenso ata a súa rectificación, resultando de aplicación nesas áreas o régime contemplado no artigo 89 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.**

**Non outorgar a aprobación definitiva.**



O plan xeral entenderase aprobado definitivamente si transcorren tres meses desde a entrada do expediente completo no rexistro do órgano competente sen que este comunicase a resolución, sempre que o plan contivese os documentos e determinacións preceptivos.

**SÉTIMO.-** A aprobación provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros do Pleno, de acorde co disposto no apartado 11) do artigo 47.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguió a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación provisional polo Pleno deste Concello, de conformidade co previsto no artigo 60.13 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e nos artigos 22.2.c) e 47.2.11) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

## INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO.** Aprobar provisionalmente o Plan Xeral de Ordenación Urbana coas modificaciones resultantes das alegacións formuladas e dos informes emitidos polos motivos expresados no devandito informe do Equipo Redactor de data 21 de novembro de 2017. do que se remitirá copia aos interesados xunto coa notificación do presente Acordo.

**SEGUNDO.** Resolver as alegacións presentadas con base ao informe do equipo redactor, integrado na documentación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ares, e os informes dos servizos técnicos e xurídicos municipais, que se incorporan ao presente acordo como motivación, estimando as alegacións formuladas e desestimando as alegacións formuladas, segundo figura no referido documento.

**TERCEIRO.-** Remitir o expediente completo e dilixenciado á Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente así como ao órgano competente da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e unha vez pronunciados remitir o expediente completo do Plan Xeral de Ordenación Municipal, debidamente dilixenciado, á Consellería competente en materia de urbanismo, para a súa aprobación definitiva, de conformidade co disposto no artigo 60.13 e 16 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

**CUARTO.-** Facultará Alcaldía para que en nome e representación da Corporación


Adopte as medidas que estime convenientes para a execución e bo fin do acordado.

Ares, a 21 de novembro de 2017

O Secretario,

O Técnico Municipal

Intervén o Sr. Alcalde explicando que tras a anulación por sentenza do Tribunal Supremo do plan que estivo vixente aprobado no ano 1999, iniciaron de inmediato unha adaptación das normas subsidiarias que recuperaban a vixencia pero que só alcanzaban a actualizar os núcleos urbanos que eran Redes e Ares, con ese obxectivo procederon a facer modificacións puntuais para intentar introducir nesas normas subsidiarias



do ano 1978 todos os avances conseguidos no plan do 1999, pero non se podía clasificar o solo, o solo clasificado era o que estaba polas normas subsidiarias do 1978 que só alcanzaban os cascos urbanos Ares e Redes. Durante todo este tempo con dificultades os veciños de Ares e Redes podían ver satisfeitas en gran medida algúns das súas pretensións en canto a construcción, ampliación e reestruturación das súas vivendas pero o resto do municipio era rústico común non había ningún núcleo urbano, ningún núcleo rural e en consecuencia todos os veciños das entidades da poboación de Ares non podían facer absolutamente nada nas súas propiedades porque a través da modificación das normas subsidiarias non se podía clasificar o solo.

Con este plan de urbanismo introducimos no ámbito do municipio 23 novos núcleos rurais, eses 23 núcleos rurais comprenden 6 novos que ata agora non existían, con o que os veciños do rural van a experimentar un gran avance na medida en que o espazo no que viven deixa de ser solo rústico para ser núcleo rural equiparado ao urbano. Con esa pretensión presentamos este plan, e a razón fundamental é que todo o conseguido non podemos seguir condicionando ao que non pudo ser, evidentemente como grupo de goberno gustaríamos coller todas as pretensións dos veciños, absolutamente todas, está claro que gañamos moito más acollendo as pretensións de todo o mundo que tendo que asumir a situación de que algunas cousas non son posibles, pero áinda así o que non é posible non pode condicionar todo o que se conseguiu.

Todos eses veciños dos 23 núcleos non poden seguir vendo condicionada a súas aspiracións, polo que efectivamente este plan que sigue sendo un documento que non é inmodificable e que vaise seguir actualizando xa que nos últimos oito anos houbo 10 modificacións da lei do Solo, en consecuencia está claro que este grupo de goberno vai seguir asumindo que este documento é necesario e que non pode esperar máis non é inmodificable e que seguramente nos próximos meses vai ter loxicamente reflexiones que poderán levar sen dúbida si se considera oportuno a súa mellora.

En calquera caso son 6 novos núcleos en total 23 que antes non existían e desde esta perspectiva oito anos de traballo, 5 anos de planimetria e de estudos técnicos e 3 anos de informes sectoriais, informes sectoriais que poñen enriba da mesa unha serie de competencias concorrentes, e que esta materia non depende de nós, nós todo o que pensemos aquí teno que aprobar a Xunta de Galicia, nolo ten que aprobar Costas do Estado, Patrimonio, Medio Ambiente e dicir, un sen fin de competencias concorrentes que elevan a aprobación do plan a necesidade de ter 22 informes favorables, e conseguimos eses 22 informes favorables. En cada informe viñan unhas cousas que podían ser e outras que non podían ser, polo que isto é froito dun esforzo colectivo de todas as administracións públicas que teñen competencias neste ámbito, e que nos puxemos de acordo nun documento que hoxe traemos ao pleno, que é o que ten o si de todas as administracións da Xunta de Galicia que non está gobernada pola PSdeG de este concello que está gobernada polo PSdeG e outros dous grupos Son de Ares e NAL e por suposto das competencias que arroxa o Estado sobre todo Costas, porque Costas e competencias exclusiva de Galicia.

Desde esta perspectiva está claro que traemos este documento como o inicio da solución a moitísimo problemas que ten Ares inyectando efectivamente, no ámbito municipal ao lado de Ares e ao lado de Redes, 23 entidades de poboación que hasta agora non podían facer absolutamente nada porque as súas propiedades estaban en rústico común e agora pasan a estar en núcleos rurais asimilados ao ámbito rural.

Estamos aquí hoxe defendendo o interese xeral, eu sei que hai veciños que non viron satisfeitas as súas pretensións, pero non podemos por elo dicir non aprobamos o plan e enfastiar así os moitos veciños que si que viron satisfeitas a súas pretensións. Trátase de elixir entre manter o que se conseguiu ou como algunas cousas non as conseguimos enfastiar ao resto, non o aprobamos e en consecuencia que ninguén poida



beneficiarse dun documento que é un avance áinda que recoñecemos que efectivamente hai situacións que non satisfaceren a todo o mundo. Desde esta perspectiva quizás, o planteamento co cal hoxe traemos a pleno este documento é que non podemos atrasar máis o que conseguimos en función das expectativas que en algúñ momento veñen a determinar un fin a unha negociación para empezar outra, porque unha vez que aprobemos este plan e o teñamos aprobado nos é moito más fácil premer, porque isto xa non nolo pode quitar ninguén mentres que premer agora efectivamente, sempre termina coa frase ou o colles ou o deixas porque non che vou a conceder ningunha pretensión máis.

Con ese ánimo traemos hoxe este documento ao pleno hoxe, xa digo hoxe é o día do interese colectivo, as pretensións individuais ou as pretensións particulares o que quere cada un para si está claro que é unha cuestión persoal e aquí no concello neste momento polo que temos que velar e polo interese colectivo e defender os intereses dos veciños que si ven recollidas as súas pretensións e que consideramos que non se debe atrasar máis xa digo porque non da para máis, ou aprobamos este documento ou non aprobamos ningún e está claro que non podemos asumir que como non podemos atender todo que o resto se enfastie.


Publicamente si é certo que tamén o facemos co ánimo de cerrar un capítulo para abrir outro, o capítulo que nos da máis liberdade de voltar e ir a negociar sabendo que isto xa non nolo van a quitar e que nos da nese sentido lóxicamente a seguridade de seguir avanzando porque non condicionamos o que conseguimos ata agora. O pleno implica que efectivamente todos os grupos políticos teñen que fixar as súas posicións e lóxicamente abra un debate a dous quendas nos e a partir de á efectivamente procederemos a votación.

O Sr Alcalde da a palabra na primeiro quenda ao voceiro do BNG o Sr. Mesías Farías.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando os bos días a todos e dicindo que é lamentable o comezo do pleno, diríxese ao Sr. Alcalde dicíndolle que non sabe como ten a capacidade publicamente e ante xente que estivo no plan do 1999 un dos cales era o Sr. Luis Cendán, como ten a cara de mentir e de decir que daquela non se contestaran as alegacións previo a aprobación, iso non o pode decir porque é falso. Vostede sabe que no ano 1999 contestaron as alegacións nun tempo máis prudencial, antes de este acto e polo tanto si o pleno se incendia e porque están contestando as súas mentiras das cales foron protagonistas, e lamentable que comece así o pleno.

O Plan Xeral e unha necesidade, nos non temos plan xeral e polo tanto temos a necesidade de aprobar un plan xeral. Esta necesidade e motivada porque necesitamos un marco de legalidade para ordenar o territorio e tamén para cubrir as necesidades dotacionais e infraestructurais, e polo tanto tamén os intereses dos propios veciños. Antes dicía o Alcalde que aquí poña en valor o interese xeral eu irei desgranando e probando como aquí de interese xeral nada de nada.

Esa necesidade sempre dá unha oportunidade, e a oportunidade de mediante de esa necesidade elaborar un documento de interese xeral, e para elaborar un documento de interese xeral hai que contar coa xente e cos grupos, polo tanto había dúas opcións, ou contar con esa maioría ou facer como fixo o Alcalde Sr. Julio Iglesias, que foi aproveitarse de que había que elaborar o plan e con esa desculpa lograr unha maioría neste pleno, como conseguiu esa maioría pactando con Sr. Luis Cendán, coa escusa de que ese pacto era para a elaboración do plan e finalmente xa o vemos non era iso, polo tanto ese interese xeral que era atender a veciñanza e facer as cousas ben derivouse nun interese particular onde os únicos beneficiados foron o Sr. Julio Iglesias e o Sr. Luis Cendán en primeira instancia, iso e a proba definitiva de isto que lle argumento e para isto iso a recuperar un pouco o proceso para ver como foi, e ireino redactando da mellor maneira máis clara posible porque entendo que vostedes non teñen toda información que temos nós e moito menos toda información que non nos deixan dar.



En primeiro lugar, a primeira cuestión básica e do motivo polo cal o plan non foi de interese xeral temos o POL e o DOL, son dous documentos previos a aprobación do plan, neste caso porque iran de algúnhha maneira condicionar como se pode ordenar o territorio. Cando saíu o POL que é o de Ordenación Territorial e o DOL que son as directrices de ordenación do territorio o Concello de Ares non alegou eses documentos que presentaba a Xunta a sabendas que iso irá repercutir e condicionar o documento final. Por máis que o BNG insistiu que hai que alegar e poñer en valor as necesidades e as características do Concello de Ares, non alegou. Un concello veciño o de San Sadurniño, este concello cando foi o DOL presentou unha serie de 55 medidas que a xunta recolleu, non todas foron estimadas pero si unha maior parte, porque había interese, neste caso está claro que non había interese e a resposta do Alcalde cando o BNG lle dixo Sr. Alcalde isto va a condicionar a elaboración do PXOU foi, "non te preocupes xa vou eu a Santiago e xa o arranxo", e quérolles poñer un exemplo para que o teñan claro, e como si hai anos un quería ir ao baile do casino e era obligatorio levar garabata e chaqueta e un di "eu non tranquilo que xa teño eu na entrada a un directivo que vaime deixar pasar e claro chega alí e lle din sinto, arriba están todos con garabata e chaqueta sería inxusto e tense que quedar na cafetería". O DOL e o POL era unha das pezas claves para querer facer un documento e non o dicimos solo nós senón que o profesional que redactou o PXOU así o di o POL condicionou o desenvolvemento do PXOU, xa non hai marcha atrás.

A segunda cuestión importante para que vexades que non era pretensión dun plan de interese xeral, era como foi creada a comisión do plan, e aquí tamén tiña dúas opcións, unha contar co resto de grupos que son os representantes de todos os veciños/as ou simplemente facer un plan onde estaba o PSOE e o NAL e iso foi o que fixo, entón renunciou a aportación que podíamos dar todos os grupos que somos os representantes de todos os veciños/as en favor dunha aportación que se facía o Sr. Julio Iglesias e o Sr. Luis Cendán, onde o Sr. Julio Iglesias lle proporcionaba diñeiro ao Sr. Luis Cendán, canto non o sabemos porque non tivemos acceso aos datos económicos nin as actas das reunións de esas comisións de urbanismo polo tanto, renunciou a esta aportación porque non lle interesaba o plan porque o plan que eles querían eran o seu plan particular.

Un terceiro motivo polo que nos dicimos e polo que nos demostramos que isto non foi un plan de interese xeral e a transparencia e a participación, nin explicou o plan polas parroquias, non se dignou a ir co plan polas parroquias nin permitiu a participación da veciñanza na súa elaboración. O BNG como organización era libre de facelo, nos fomos polas parroquias a presentar o plan, e alí os veciños opinaban cada quen da súa maneira, pero nos considerabamos que era a nosa obrigación como representantes dos veciños/as trasladarlle a información ao conxunto da veciñanza e o grupo de goberno non non o fixo, nin transparencia nin tampouco participación.

Hai que dicir xa nesta última fase entra un novo membro a este goberno que e o representante de Son de Ares que viña para cambiar as cousas e viña para darlle transparencia e ao final quedouse en nada, el levaba no seu programa electoral que a veciñanza participase asambleariamente nas decisións importantes e xerais do concello iso levaba no seu programa electoral, que presentase o PXOU nas parroquias, iso tamén o levaba no programa electoral pero finalmente o Sr. Julio Iglesias fixo con vostede a mesma táctica que co Sr. Luis Cendán, lle dixo este programa non é necesario porque a cambio vouche dar 100000€ por catro anos, e vostede renunciou ao seu programa electoral por unha cuestión económica para darlle a maioría no pleno ao Alcalde o Sr. Julio Iglesias, "traballaremos para que Ares teña un plan de urbanismo de consenso que os veciños/as e o equipo redactor do mesmo participaran en asambleas veciñais con todas as parroquias onde tomarán nota desmenuzada das propostas veciñais, logrando de este xeito un urbanismo sen especulación, xeneroso cos núcleos históricos e co rural, potenciando a rehabilitación fronte a nova construcción ca recuperación do entorno rural degradado. Son de Ares nos presentamos para devolver ao pobo unha participación activa nas decisións municipais con transparencia, dedicación, honestidade e compromiso" estas son unhas palabras bonitas que quedan moi ben en calquera programa electoral que son unha lousa enorme para quen as leva e que non as cumpre, e polo tanto



nesta parte de transparencia e participación vós negastes a participación aos veciños/as, áinda por riba non lles contestaron as alegacións, e mentira Sr. Iglesias de que non poida informar das alegacións das contestacións e mentira e vostede o sabe porque non hai ningunha lei que prohiba que as contestacións que foron do equipo e que vustedes van a asumir aquí non hai ningunha lei que prohiba dar esa información aos veciños e vustedes que son homes de dereito o saben que áinda e peor.


Polo tanto, non quixo notificar aos interesados as resolución das súas alegacións, mentiu, mentiu tamén porque dicía que os informes eran favorables, pero que informes favorables se no documento da xunta favorables son tres e o resto son favorables condicionados ou desfavorables, como di vostede ante unha reclamación de un veciño que pide que lle sexa contestada a alegación a Sra. Concelleira de Urbanismo lle contesta que non pode darrle esa contestación, porque non ten todos os infames sectoriais e resulta que cando vemos aquí cando chegaron as respuestas dos informes sectoriais, a maioría chegaron antes do dezaseis. Polo tanto, nós pedimos tempo para mirar a documentación e non se nos deixou, a semana pasada se nos dou a documentación, vostede comprometeuse a esperar e a súa palabra foi por un non, non espero, si hai posibilidades de facer algunha aportación ou algunha negociación espero e aos dous días xa nos di que non ía esperar, que non confiaba en nós, que mentiu, que non permitiu a transparencia e a participación nos di a nós que vimos a aportar que non confía en nós, e polo tanto nós estamos aquí a pesar de que nós pedimos que este pleno non se convocase porque non tiñamos áinda o tempo para revisar toda a documentación e ademais queríamos antes de nada que se lle contestara aos veciños/as dalgunha maneira a que vostede se comprometeu nunha moción a que se publicaran todos os informes sectoriais na web a contestar e escoitar aos veciños de Redes e esa moción que vustedes aprobaron porque había xente de Redes non a levaron a cabo e non a cumpriron, por iso hoxe estamos aquí, entón queda claro que a miña intervención primeira ía nesa liña e queda claro que aquí de interese xeral nada de nada.

Queda claro que o goberno non traballou polo interese xeral queda demostrado e queda acreditado que o goberno traballou por uns intereses particulares dos que xa din razón e os que están perfectamente xustificados.

O Sr. Alcalde da a palabra a voceira do PP Sra. Martínez Martínez.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dando os bos días a todos/as e aledándose de que estén no pleno, porque este é un documento importantísimo para o pobo de Ares, é un documento polo cal vaise rexer durante máis de quince anos o pobo de Ares, un documento cerrado totalmente a oposición ao BNG e ao PP, e por suposto a todos os veciños/as.

Diríxese ao Sr. Iglesias dicindo que a resolución de dous de maio de dous mil dezasete polo que se formula a memoria ambiental do PXOU, estaban recollidas as alegacións unha por unha, 647 alegacións foron estimadas 178, parcialmente estimadas 387 e 11 pendentes por falta de documentación, porque non as quitou do queixón e llas ensinou a todos os veciños/as, pero non llas ensinou aos veciños/as e tampouco a nós. Tras oito anos de espera para a conclusión do PXOU, nos encontramos cun documento que non soluciona os verdadeiros problemas que hai no noso pobo, si para algo serviu este PXOU foi para levar adiante o pacto de goberno PSOE-NAL polo que vostede Sr. Alcalde chegou a Alcaldía senón vostede non era Alcalde, sen formar parte do grupo de goberno o Sr. Luis Cendán pasou a ser o séptimo concelleiro do PSOE a cambio de nomealo Coordinador do PXOU o que ocasionaba unha suculenta asignación económica. Creouse unha comisión de seguimento para a elaboración e redacción do PXOU a que únicamente asistían os membros do grupo de goberno, excluíndo na súa totalidade aos grupos da oposición.



Durante este longo período de tempo non se nos convocou a ningunha comisión informativa para darnos participación no proceso de elaboración do documento e ningunha documentación ao respecto a única comisión que tivemos foi a dezasete de xullo que dentro do orden do día viñan os informes sectoriais do PXOU, esa foi a única, cando se preguntaba no pleno e nas comisións a resposta foi "estamos niso".

O martes 21 de novembro do 2017, aos grupos da corporación faise entrega do documento en formato dixital pero codificado, que cando vou facer copias dos planos encontro que o documento está codificado e ten vostede Sra. Martínez seis días para estudar minuciosamente o plan, abaxo lle digo ao Sr. Luís Cendón por favor recapacite déixenos un pouco máis de tempo, as alegacións non da tempo a velas, "si si como as viron vostedes" dirixise ao público, xa lles direi na segunda parte deste pleno o que me encontrei, na segunda parte do pleno. Si te portas ben iso dixo vostede Sr. Alcalde e eu lle dixen que quere dicir Sr. Alcalde si me porto ben non son ningún neno para que me teña que portar ben, non me teño que portar ben encontra dos veciños/as iso non o vai a ver vostede para iso ten aos seus secuaces a min non se me compra Sr. Alcalde.

Considerando dende o noso grupo que o tempo que se deu para o estudo do documento é insuficiente, ao día seguinte entreguei por rexistro solicitude de aprazamento de prazo por un mes, para o estudo minucioso do documento de vital importancia para o futuro e desenrolo do noso pobo, ese mesmo día lerón o documento que entreguei pero xa me souou o móvil convocándome ao pleno. Ten vostede seis días para ver toda a documentación pero no medio de eses seis días vai outro pleno cun POS, que nolo entregan tamén a destempo das Obras e Servizos para noso pobo, obras e servizos que vostede mete en gasto corrente en vez de facer as obras e servizos pois non iso vai para gasto corrente porque damos por feito que este pobo que caese a trouzos non necesita Obras e Servizos, e o metemos en gasto corrente para pagar facturas.

Incidir unha vez mais no total e absoluto escurantismo que impera no grupo de goberno, que impide a fiscalización de calquera tema por parte da oposición exemplo de elo é que en tres anos non se convocou ningunha comisión para debater as propostas realizadas polos grupos da oposición. O PP realizou trinta alegacións ao PXOU, todas elas velando polo futuro de Ares que queremos, queremos un pobo con futuro Sr. Iglesias, voulle dicir as alegacións que puxemos só unha foi favorable.

Con respecto a fachada marítima que foi a única favorable, este grupo solicitou que se incorporan aliñacións e rasantes e escalonamento da fachada marítima, e non está recollida no PXOU. A Proposta era dende a rampla do Bitakora ata a rampla grande Baixo + 3, dende a rampla grande ata o Gaiteiro Baixo + 2, dende a intersección da Praza da Igrexa ata o Club de Remo Baixo + 1.

A seguinte alegación que fixemos o grupo solicita que se recolla o paseo marítimo de Seselle, que o concello xa tiña e que foi presentado no ano 2003 e modificado pola Demarcación de Costas de Galicia, esta alegación foi denegada, xustificando que non existe ningunha previsión de esta administración de levar a cabo esta obra, motivo no que vostedes se amparan para non incluílo neste PXOU. Con motivo da crise este tipo de obras quedaron paradas, pero o PXOU ten que incluír este tipo de obras e infraestruturas mirando o futuro e desenrolo do pobo de aquí a vinte ou trinta anos, creemos que tanto o paseo marítimo de Seselle como o de Chanteiro son imprescindibles para estes entornos.

Con respecto o aparcamento, este grupo solicitou o cambio de emprazamento por entender ca localización no PXOU non é a adecuada para a estrutura urbana que ten Ares, dado que para chegar a el hai que cruzar o casco histórico ou levalo por vías municipais nas cales pola súa estreiteza non soportarían o tráfico rodado de autobuses ou similares, como vai meter por o pobo autobuses e celebrar alí as festas colapsaría o pobo, todo o casco urbano quedaría colapsado, por todo isto estamos en total desacordo, posto que estas infraestruturas así como todas as



que ocasionan un movemento importante de vehículos realizanse nas aforas dos pobos e cidades para servizo sen causar embotellamentos innecesarios que provocan grandes molestias aos veciños/as e ao que Ares está acostumado en época estival, vostede como aparca aquí o seu coche e o Sr. Luis Cendán tamén ten aparcamento en pleno verán pois claro non teñen problema.


Con respecto a delimitación do casco histórico, este grupo solicita que se ciña e se faga unha limitación realista mediante unha proxección arqueolóxica, delimitando a autentica emprazamento do mencionado casco que non ten nada que ver co actual, estamos totalmente de acordo coa protección, pero que unha vez localizado no plan se reduza o perímetro de protección liberando así todas edificación existente dentro de esa delimitación protexida.

Con respecto a outra alegación que fixemos que é de vital importancia, é a carreteira de circunvalación que baixa ao porto de Ares, este grupo solicitou que se incluíra no PXOU un vial para dar solución ao tráfico pesado ao porto de Ares. A resposta roza a incoherencia dende o momento que ese vial estaba incluído e aprobado no PXOU do 1999, ao entrar no 1999 o PP, presentouse unha modificación puntual ante a Xunta de Galicia para pasar de unha vía autonómica de 50 m a unha vía local de 12 m resolvendo así, o problema xerado tanto da afección como das novas construcións nesta península.

Non entendemos como en innumerables alegacións dos veciños/as a resposta e que xa están aprobadas no PXOU do 1999 para xustificar o seu ditame favorable ou o que e más sorprendente a veces tamén desfavorable, esta alegación a da circunvalación foi aprobada no 1999 modificada no 2000 ata que por sentenza do Tribunal Supremo o PXOU de Ares quedou sen efecto. Sr. Alcalde un dous problemas más importantes neste concello e o tráfico pesado que necesariamente ten que dar servizo a zona portuaria e que se ve obrigado a entrar polo paseo marítimo a horas intempestivas, o que ocasiona xerar molestias innecesarias aos veciños/as nas súas horas de descanso e tamén aos hostaleiros, veuse aquí cando houbo a regata CT que houbo que saír polo paseo marítimo, os hostaleiros vense obrigados a mover o mobiliario das súas terras da vía pública, nos preguntamos de novo para que sirve este PXOU que vustedes hoxe traen para a aprobación provisional, nos non dan saída aos problemas de Ares.

Con respecto ao solo urbanizable de carácter residencial da zona norte de Ares, este grupo solicitou urbanizable a zona noroeste de entrada a este municipio pola carreteira AC 123 se nos denega tamén, alegando que non está previsto o crecimiento de Ares cara esa zona dato totalmente incerto, que incluso existen licenzas outorgadas para edificar nese solo. Dende o noso grupo consideramos que xa que nesta zona existe na actualidade edificacións unifamiliares residenciais e absurda a denegación da petición. Resulta insólito que só se reflecta un urbanizable neste PXOU que dito urbanizable sexa na zona de Maciñeiras e que o Sr. Luis Cendán sexa o delegado do PXOU, quizás nos quere explicar vostede que criterios tivo en conta seguiu para delimitar como urbanizable precisamente esa emprazamento.

Con respecto ao vial AC 123 este grupo solicitou que se elimine o vial referido, dado que a precisión do PXOU de Lubre, Cervás e Chanteiro ten un crecemento insignificante, entendemos que con ensanchamento e dotación de beirarrúas da carreteira da deputación 402 o acceso está totalmente garantido, ampáranse na realización deste vial de acordo cun estudio organizado do goberno tripartito da Xunta de Galicia, ao cal denominouse Plan Move e que a día de hoxe carece de validez algúnhha, posto que nin se publicou no DOGA nin se procedeu a súa aprobación en ningún consello da Xunta. Dende a administración autonómica non se obriga ao goberno municipal en ningún momento a incorporación de dita estrutura no PXOU senón que se deu como opción, e a decisión da súa inclusión foi unilateral tomado polo delegado do PXOU e representante do NAL, movido por motivos totalmente alleos a estruturación viaria do noso concello incluíndo neste vial en detrimento da circulación da cal



acabo de falar. É inviable tanto técnica como economicamente excedendo a capacidade de xestión municipal, queremos entender que dende o grupo de goberno tiveron en conta que neste vial que eles recollen cruzan espazos naturais protexidos e dividen en dous o noso termínio municipal.

Fixemos outra alegación ao Club de Remo, este grupo solicitou a reubicación das infraestruturas do Club de Remo trasladando estas, as instalacións náutico-pesqueiras das que goza o noso concello tamén se nos desestimou, alegan a titularidade da Xunta de Galicia nestes terreos. Resposta cando menos sorprendente, cando as instalacións do náutico tamén están en terreo autonómico sendo un club local Sr. Alcalde.

Con respecto ao vial do Club de Remo, este grupo solicitou que se abra un vial a altura do Club de Remo coas Poellas dito proxecto está nas dependencias municipais non podéndose executar porque está recollido no PXOU do 1999, se nos denega alegando que non se considera viable por estar dentro da zona de servidume de costas e porque implicaría un aumento do tráfico nesta zona. Unha vez máis a incoherencia queda reflectida ao non recoñecer que o que realmente xeraría problemas no tráfico rodado e a emprazamento do aparcamento na zona de Papellas e Prados Velllos Sr. Alcalde, e imprescindible dar unha alternativa viaria aos veciños/as desta península dado que a día de hoxe o servizo desta zona é deficitario ata o punto que malamente poden acceder vehículos de emerxencia ben sexa bombeiros, ambulancias etc... e máis no Cmño das Pedras ni tan sequera se pode dar un servizo de lixo dada a imposibilidade de acceso ao camión o que propicia que pese a pagar o mesmo recibo en todo o Cmño. das Pedras non temos un só contedor temos que ir a Poellas ou baixar a Ares e si vai metido no maleteiro do coche o deixarémolo de onde nos acordemos.

Sr. Alcalde estamos no século XXI vostedes só acórdanse dos veciños/as para subir os impostos, servizos cero, e Sr. Pita vostede que o ía cambiar todo acórdese dos veciños/as, destes veciños/as a hora de votar, porque o futuro de Ares está nas vosas mans non nas nosas, vostedes xa saben que vamos a votar en contra do PXOU porque así llo dixen, áinda que tiven moi pouco tempo para miralo que tivemos que dictaminalo xa.

Con respecto a un polígono este grupo solicita o cambio de emprazamento do actual Sumbi, ao entender que entra dentro do núcleo de Seselle producindo un impacto tanto visual como medioambiental na zona turística máis importante deste concello Sr. Alcalde, e por elo que lle propuxemos que se recolla este novo polígono na zona da Seaña entre Ares e Mugardos, xa que neste emprazamento os accesos serían moito mellores ademais de non supoñer un impacto visual directo ao estar estrateticamente situado no límite de ambos termos municipais se podería ampliar esta zona industrial ao concello de Fene e mancomunar os servizos, tal e como se levou a cabo a zona industrial de Vilar de Colo que comparte solo con Fene e Cabañas, tratase Sr. Alcalde de xestionar e non de saber malgastar.

A última alegación e referente ao núcleo rural dos Galgos en Cervás, este grupo solicita un núcleo rural na zona dos Galgos, como non ía ser de outra maneira tamén se nos denega, argumentando que non cumple os requisitos esixidos pola Lei 2016 do Solo de Galicia, solicitamos que se nos explique como é posible que se nos denegue esta petición, cando nesta zona hai unha serie de edificacións centenarias se validen núcleos rurais como o de Rodelas, Alto de Simou, Cmño de Pedrós etc...

E por último e moi chamativo que gobernando tres partidos distintos, o grupo de goberno só presentan unha alegación por parte do PSdeG na que acepta a parcela colindante a esta casa consistorial, parcela que non constaba con ningunha afección na fase inicial, do cal culpa ao equipo redactor e que agora é afectada no sistema local de espazos libres coa intención de mellorar o espazo dotacional no entorno do concello. É chamativo que neste caso vostede Sr. Iglesias non teña reparo ningún e executar un expediente de expropiación, tras facer unha campaña demagóxica sobre a obra deste concello porque a fixo, cuestionando a súa legalidade e a necesidade de




esta infraestrutura, agora Sr. Alcalde pretende expropiar a un veciño para ampliar aquilo que vostede tanto criticou e do que tanto rédito político sacou.

Intervén o Sr. Alcalde respondendo que as alegacións se aproban ou se rexeitan nun pleno, neste, repite as alegacións se aproban ou se rexeitan nun pleno, e para contestalas hai que aprobalas ou rexeitalas que é o que vamos a facer hoxe no pleno. Non se pode notificar nada a ningún veciño/a senón están aprobadas ou rexeitadas, porque o órgano competente para aprobalas ou rexeitalas e este pleno co que sen pleno sobre isto non hai nada que notificar e hoxe é o pleno de onde vamos a aprobar ou rexeitar as alegacións, porque non as acepta nin as rexeita o Alcalde nin o grupo de goberno, a Lei do Solo atribúe a competencia para aceptalas ou rexeitalas ao pleno que é o que está convocado hoxe, eu imaxino que efectivamente temos os votos para traer o PXOU ao pleno, pero está claro que é cando se votan cando se aceptan ou se rexeitan, eu non son adiviño pero efectivamente podo prever que o grupo de goberno ten maioría por iso o traemos a pleno pero ata que se aprobe no pleno, ata que votemos, non se acepta nin se rexeita nada, a razón de ser de este pleno e por iso antes non se responderon porque o órgano que decide sobre as alegacións e o pleno, o estamos decidindo agora, e unha vez tomadas as decisións, unha notificarase o resultado si se aprobou o plan, está claro que as alegacións que entran no plan son aceptadas e as que non son rexeitadas e ese e o procedemento que establece a Lei do Solo.

En canto as intervencións que aquí se manifestaron de onde efectivamente hai moitos xiros que non teñen nada que ver co que estamos decidindo aquí, pero o minuto de gloria efectivamente o ten que ter todo o mundo e a xente e libre para elixir cando porque aquí faláronse de temas que non teñen nada que ver co Plan Xeral. Parece ser que todos os camiños de Ares estreitáronse cando eu cheguei a Alcaldía, eu cheguei a Alcaldía e estreitei o Cmño das Pedras, pola miña culpa non pode pasar o camión da lixo, antes era máis ancho cando gobernaba o PP ao ganar eu estreitouse a carreteira que vai a Chanteiro, estreitouse o Cmño das Pedras e estreitouse todo.

A mellor maneira de defenderme e dando a cara e explicarme, está claro que vostedes son donos do seu voto e se non lles gusta o que eu fago teñen a opción de non votarme, niso consiste a democracia e eu teño a opción de dicir as cousas como as vexo para non enganar a ninguén, que nunca enganei a ninguén, vou coa verdade por diante, que non gusta, pois non gusta, pero vou coa verdade por diante. Aquí neste Plan tiven a opción de gardalo nun queixón e dicir vou as eleccións de 2015 e non o fixen, un ano antes das eleccións fíxeno público e que me quixo votar votoume, e que non pois non, fíxeno público no 2014 cando as eleccións eran no 2015 e volví a ser a lista mais votada en todas as mesas voltamos a gañar as eleccións, esa e a lexitimidade que eu teño como alcalde, e por suposto que me podo equivocar, claro que me podo equivocar, o que non vou facer nunca e renderme e o que non conseguín agora, seguirei loitando para consegui-lo, e senón o consigo pois o direi cheguei ata aquí e non pode ser, porque este plan a única preocupación que ten o grupo de goberno con el e dicir a xente do rural que no pode facer nada porque só poden facer os de Ares e os de Redes que están en cascos urbanos que están aprobados efectivamente polas normas subsidiarias do 1978 iso non se derrogou, o plan do 1999 caeu e todo o mundo sabe que dende aquel momento intentamos recuperar o plan do 1999, efectivamente as normas subsidiarias modificándoas e agora no plan.

Este plan non e diferente ao do 1999 e moi parecido pero hai quen o votou no 1999 e agora non, a pesar de ser a base fundamental deste plan, porque foi igual ao que tivemos e non defraudamos aquela iniciativa que tivo as súas luces e as súas sombras, pero que foi necesario para Ares, e esa é a base coa que fixemos este plan, e exactamente igual pode cambiar nun núcleo rural un pouco máis un pouco menos pero eu non me invento os núcleos rurais o de Rodelas, Pedrós, Curmá, Mazaido son os núcleos que había no plan do 1999 temos a posibilidade de inxectar no ámbito municipal 22 núcleos rurais que hoxe non existen, hoxe a xente do rural non pode facer absolutamente nada, comprar un piso en Ares e non poderá facer nada de nada finca do avó ou dos



país está claro que non se pode facer todo en todas as fincas de todos os avós pero con este Plan en moitas más que senón temos plan, temos Alto de Simou, Pedrós, Carballo (novo), Penedo, Maiobre, Lubre, Besoxo, Cmño de Pedrós (novo), Barracido, Pallizo, Ixobre, A Malata, Seselle, Carballás, Rodelas (novo), Curmá, Mazaido, As Pezoas, Raso, Solaina, Chanteiro, Cervás, Loureiros (novo), San Roque (novo), A Rúa (novo), a todos estes veciños/as vamos a dicirles que como non conseguimos o de todos non vamos a aprobar o plan áinda que os beneficie, pois non, a eses veciños hai que dicirles vamos a salvar isto e a seguir loitando polo de máis.

No plan de urbanismo o obxectivo fundamental e clasificar o solo, pode ir algunha infraestrutura pero só poden ir as que podes pagar, porque no plan de urbanismo hai un plan económico-financiero, no que tes que xustificar que tes os recursos para enfastiar a xente, porque os aparcamentos van en terreos de xente, as rúas van en terreos de xente, os paseos van en terreos de xente, e por suposto as escolas van en terreos de xente e iso hai que pagalo non se lles pode quitar en consecuencia, si ti pos no plan que vas a quitar moitos terreos a xente, che din xustifica con que o podes pagar, e non podemos pagar todas esas infraestruturas as que alude a portavoz do PP, eu non podo xustificar fago o plan de Seselle o acceso ao Porto fago a ampliación da escola, fago os aparcadoiro, amplíase un en Redes e se pon un en Ares e con que compro os terreos dos particulares, só me deixan poñer os que xustifico que pudo pagar, porque éinxusto poñerlle aos veciños encima unha estrutura que lles enfastía a propiedade e que ti nunca vas a poder facer porque non tes cartos e ademais o Paseo Marítimo está en zoa de costas e dicir depende de outra administración, e esa e a realidade, non podemos ser xenerosos co dos de máis porque temos que xustificar que o podemos comprar porque éinxusto privarlle a alguén o uso do seu dominio para non facer nada, no que aí puxemos que ao mellor vai un instituto e ese señor non vai poder facer nada, porque teremos un pobo de 5600 habitantes e temos que ter moiísimo máis, e claro que nos limitamos a meter infraestruturas porque tiñamos que quitarlle moito solo a xente porque as infraestruturas van no de vostedes e esa que está aquí o lado o mínimo e prever que vamos a ter más policía municipal, más servizos sociais e que efectivamente o lóxico e prever algo para que este concello poida crecer ou o mesmo co equipamento ven outro alcalde e di non se amplía nada deixase libre para que efectivamente o mercado vexa o mar e faise unha plazoleta. Pois efectivamente algunas decisións as temos que tomar e temos que xustificar que para iso temos que prevelo, a que alcalde non se lle ocorra prever o crecemento administrativo do seu concello, cara o casino para atrás que é rúa, hai unha parcela sen edificar pois porque vamos a renunciar a darlle un uso colectivo, pois de esas decisións eu son responsable, imaxino que o propietario que é un promotor estará moi enfadado comigo, así nolo fixo saber, pero a min elixíuseme para mirar o de todos non o del. Eu non estou aquí para defender os intereses de ningún promotor, e por certo tampouco estou aquí para defender os intereses de ninguén, eu non estou aquí para decidir ao meu antollo en que solar vostedes poden construir ou non poden construir, porque a lei o prohíbe e todo iso ten que estar xustificado, os núcleos teñen que ter un grado de consolidación que permitan que crezan ou que non, e no casco urbano cinco urbanizables fan no plan, solo vai un e é razoable porque en Ares o que sobran son pisos, o que sobra e a construcción en vertical e o que falta e a construcción horizontal, faltan casas para nosos fillos, para que os pais podan deixar aos seus fillos esas son as casas que faltan, esas casas non se fan no casco urbano, as casas as fan nosos fillos nas parroquias e este e o obxectivo, 23 novos núcleos en onde efectivamente nese solo vanse poder facer casas .

O Procedemento de elaboración do PXOU, e o que se fixo en Neda gobernado polo PP o Sr. Cabezón Alcalde de Neda nomeou unha comisión presidida por un concelleiro para darlle impulso o plan, o que se fixo aquí co Sr. Luis Cendán, o que fixo en Neda o PP que nomeou un delegado para levar o Plan, o procedemento e o mesmo e ao PP valeulle.

Interrompe o público ao Sr. Alcalde na súa intervención en reiteradas ocasións, continúa coa súa intervención.



En consecuencia temos que lidar con Portos nos terreos de Portos, con Costas nos terreos de Costas, no ámbito rural con Ordenación do Territorio onde hai auga, con Augas de Galicia, onde existe algún tipo de incidencia medioambiental zonas verdes e demais, con Ordenación do Territorio, tivemos dous documentos previos que o meu partido colaborou. Di o Sr. Mesías Farías que non alegamos as directrices de ordenación do Territorio pero si as aprobou o PP e o PSOE xuntos, nas directrices da ordenación do Territorio o PP aceptou sete alegacións a cambio da abstención, cada un e dono das súas siglas e organizase politicamente como queira o BNG organizase como quiere o PP tamén e por iso traemos 23 núcleos cando no plan do 1999 había 16.

Interrompen novamente os veciños/as ao Sr. Alcalde, e queixase de non poder expresar e dicir o seu discurso cando o resto dos grupos políticos expresáronse sen ningún tipo de problema, pide por favor respecto igual que tiveron co resto dos grupos.

Continúa coa súa intervención dicindo que estamos nun ámbito difícil que todo o mundo ten dereito a estar en contra ou a favor así e a democracia e a min correspóndeme levar este chaparrón non o nego pero por favor co mesmo respecto que os demais, teño dereito a defenderme e me están interrompendo seguido, teño dereito a non ser interrompido e pido desculpas por non saber facelo mellor, non toda a responsabilidade e miña terei algunha claro que teño, fun a 27 reunións e saquei o que puíde, porque sei que cada veciño satisfeito é un voto a maiores que creedes que non o sei que estou aquí para enfastiar, entre a aprobación inicial e a provisional saíron 6 núcleos a maiores o de Curmá e Mazaido o unimos que non nos deixaban conseguimos o do Cmño de Pedrós e conseguimos que en moitos núcleos se crecera e aumentara o grado de consolidación e o Sr. Melchor e testemuña do que conseguimos tamén, el sabe perfectamente os avances pero tamén sabe o que non pudo ser, e xa digo o planteamento segue sendo o mesmo.


Como Alcalde credes que polo que non pode ser teño que enfastiar a todos non aprobando nada, pois non, aprobamos este documento como punto de partida seguimos comprometidos en avanzar e seguimos loitando por mellorar pero a min o que xa se aproba non nolo quita ninguén, eu non podo entrar en un Dirección Xeral da Xunta que me di ou o colles ou o deixas, o collín pero non o deixo seguiremos mellorando iso e o que podo ofrecer, e iso e o que podo prometer traballo pero non vou a conseguir todo non vou a conseguir que todo o mundo edifice, e que non podo conseguir todo, porque algunas das alegacións eran ilegais non se puideron aceptar porque van en contra da lei do solo, todas as alegacións están motivadas, todas teñen a súa razón de ser, e a partir de este pleno onde se aceptan ou se rexeitan ábrese un espazo de reclamación e si a alegación e razonable claro que estamos aí, pero si a maioría foron rexeitadas polos informes sectoriais, foron os informes sectarias os que construíron os núcleos esa e a realidade eu non son o que di aquí se edifica e aquí non, non é así e nunca foi así.

Conclúe o Sr. Alcalde dando as grazas por deixarlle falar.

O Sr. Alcalde da a palabra ao voceiro do BNG o Sr. Mesías Farías.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicíndolle ao Sr. Alcalde que e moi complicado levar o pleno coa súa actitude votando os cans a algumas persoas que lexitimamente veñen a reclamar, diríxese ao Sr. Secretario dicindo espero que a min tamén me conteste da mesma maneira que ao Sr. Alcalde para iso pídolle ao Alcalde que lle deixe contestar, "hai algún apartado aquí que prohiba a notificación aos veciños que fan reclamacións, hai algún punto da lei que prohiba a notificación a algún dos veciños que fixo a reclamación".

Responde o Sr. Secretario dicindo que non hai.



Intervén o Sr. Alcalde preguntado ao Sr. Mesías Farías a notificación de que, da aceptación ou rexeitamento que lles vamos a notificar aquí, pero que lles vamos a notificar se non está a decisión tomada, eu lle teño que notificar si se acepta ou non e o vamos a decidir agora.

Intervén o Sr. Mesías Farías, dicindo que o Sr. Secretario fixo un informe vostede pon no segundo punto o que debería ir no primeiro. As alegacións contestounas o equipo redactor e vostedes asumen ou non esa contestación.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que as asumimos no pleno hoxe, o equipo redactor fai unha proposta e aquí a aceptamos ou non.

Intervén novamente o Sr. Mesías dirixíndose ao Sr. Alcalde dicíndolle que son eles os que deciden traer isto a pleno e deciden asumir esas respostas do equipo redactor e aquí as somete ao pleno.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o equipo de governo as asume, pero as rexeitamos ou as aprobamos todos e iso e o que temos que aprobar, as alegacións aprobadas depende do que votemos aquí.

Intervén novamente o Sr. Mesías Farías dicindo que non, que aí non di alegación aprobada.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si que hai un 41% de alegacións que entran no plan, se o plan se aproba hai un 41% de señores que lles chegara unha carta que di que se aceptaron e si o plan se aproba hai un 59% de veciños/as que di non se aceptaron, depende da aprobación do plan. O equipo redactor fai unha proposta e aquí a asume que vostedes non a van a asumir porque ides a votar en contra, nos a vamos a asumir co que vamos a votar hoxe, e o resultado de esta votación e o que determina as que se aceptan e as que non.


Intervén un veciño dicindo ao Sr. Alcalde, que non interrompa ao Sr. Mesías Farías que e o que solicitaba para vostede.

Responde o Sr. Alcalde pedindo desculpas, pero que o Sr. Mesías Farías tampouco defendeu a súa quenda.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dicindo que non lle parece mal que o interrompa o que lle parece mal e que de unha visión errónea, vamos a ver o equipo redactor non aproba as alegacións, as alegacións as temos que aprobar en pleno. O equipo redactor fai un informe do que di favorable ou desfavorable, vostedes que son os que levan o plan as asumen ou non, porque vostedes poderían non asumir os informes, os asume e considera que hai que levalos a súa aprobación pero non impide que este informe do equipo redactor o notifique porque non hai nada na Lei do Solo que prohiba a notificación aos veciños/as e vostede non quixo notificar.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando ao Sr. Mesías Farías se lle permite interrumpilo para puntualizar, explica que o que di o equipo redactor e a motivación que nos podemos asumir no pleno ou non, e se a asumimos e a motivación pola cal se estiman ou desestiman as alegacións, non hai unha comunicación de alegacións sen motivación porque no ordenamento xurídico español esixen que todas as resolucións estea motivadas, nos vamos a empregar iso como motivación, aprobouse o plan pois a súa alegación non entrou por esta motivación esa e a realidade, conclúe dando as grazas por deixalo falar.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dicindo que respecta a súa opinión pero non a comparte para nada porque non e así, non hai nada que impida que o ciudadán/a que fixo a reclamación teña coñecemento de que a súa reclamación vai ser ou non asumida por quien ten capacidade de levar ao pleno deste goberno.



Continúa o Sr. Mesías Farías dirixíndose ao Sr. Alcalde dicindo que desgrazadamente non lle contestou a case nada do que apuntou na una primeira intervención, pero si hai algo que preguntaba que como o BNG aprobou o Plan do 1999 e esta é a base daquel e como que agora non o aproban, primeiro porque pasaron vinte anos e segundo porque o procedemento nin de lonxe se asemella. No ano 1999 explicouse o plan polas parroquias, aprobouse inicialmente, comunicáronse individualmente as respuestas as alegacións, mandouse a Xunta, corrixiuse para incluír requirimentos e logo aprobouse, iso para nada é este proceso que estamos a vivir agora pero vostede non quere notificar as alegacións 647 alegacións porque debe ter medo a que a xente saiba o motivo polo cal vai a aceptar a interpretación do equipo redactor e estimar ou desestimar. Polo tanto, vostede aquí non fale de aprobación eu o que lle estou dicindo e que aquí hai unha serie de xente que está reclamando información e que en todo proceso non houbo e cando eu lle dixen antes que vostedes comprometéronse a esa información a esa transparencia votáronlle a culpa a unha moción que presentamos nós porque no a cumpriron, polo tanto non é unha percepción miña ao respecto das súas mentiras e o que é e vostede e libre de defender o que queira, faltaría máis.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo que o Sr. Alcalde dou varias cifras a tenor dos núcleos que se veñen aprobar e unha vez hasta dixo qué agora hai 23 núcleos e antes había 16, pídale si por favor podería corrixir eses datos.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que hai un núcleo que é Curmá, Mazaido, As Pezoas, Raso que é un núcleo xunto con catro, entón iso altera efectivamente os números, logo están os novos que son O Carballo, Cmño de Pedrós, Rodelas, Loureiros, San Roque e a Rúa e o resto xa estaban no 1999.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que esa e unha lectura mala do que hai e como si se xunta dous concellos e di e que eramos cinco non e que agora temos más, por iso o equipo redactor di os núcleos que hai, e os núcleos que hai en relación ao 1999 e só hai 3 novos en relación ao 1999 o de San Roque, Rodelas e a Rúa.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que hai 6 novos e lle pregunta ao Sr. Mesías por Loureiros, Carballo e o Cmño de Pedrós.

Intervén novamente o Sr. Mesías Farías dicindo que co de Rodelas son sete, a Rúa dúas vivendas e o que di o informe.


Responde o Sr. Alcalde dicindo que mire os planes.

Toma a palabra o Sr. Mesías Faría dicindo que entón pasamos a outra parte, está a documentación mal feita.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non que os núcleos son os que está dicindo.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo preguntando que planos que el ten o informe do técnico, que ten que ter a información completa e se hai errores terá que decir que debe haber algún erro se corrixirá, pero non me diga a mi que o que estou dicindo non é certo. Da mesma maneira que hai uns errores onde sen mantén Avda. Mazote que vostede quixo cambiar a Avda. Federico García Expósito cando Federico García Expósito xa tiña unha placa pero non o sabía, e tamén aparece o colelio CPI. Conde de Fenosa cando xa non e tal que e C.P.I. As Mirandas, eses son algunos errores dos que hai.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo ao Sr. Alcalde que fala das infraestruturas e fala ademais de que é necesario contar con cartos para levar a cabo as infraestruturas, sen embargo o equipo redactor reconoce que a día de hoxe os compromisos doutras administración para acoller ningunha das actuacións previstas o que di que é moi probable que algún de estes acordos se cheguen a cumplir, precisamente barallamos con hipotéticos entón non é




certo que non se podan meter as infraestruturas pero que áinda que así fose como o plan a parte de ter unha parte técnica ten unha parte política porque senón non tería sentido someter a unha aprobación política porque se ten que levar ao pleno, si o documento fose só técnico que sentido ten que haxa que ter unha aprobación política, porque hai unha visión política que pode cambiar o plan e iso é o que nos distingue de vostedes, polo tanto, a gran diferenza entre a súa visión e a nosa visión con respecto das infraestruturas son as prioridades que vostede lexitimamente decide. Vostede lexitimamente decidiu facer unha cidade deportiva en Pedrós da que levamos gastados case 300000€ e sabe vostede que a cidade deportiva de Pedrós está sen usar, non se utiliza que é un morto porque ademais hai que mantelo pero alí non se vai a xogar, xa vostede fixo un cambio para que tampouco se poderá xogar, os vestuarios están pechados, non se poden utilizar a pesar de que o Numancia reclama máis servizos en vestuarios porque veñen distintos equipos e precisan de máis vestuarios e vostede non atende esa petición polo tanto, non e tanto unha cuestión de más ou menos infraestruturas en que infraestruturas se está vostede metendo, e en realidade réflex a necesidade deste concello esta serie de infraestruturas.

Vostede acaba de gastar o ano pasado unha cantidade bastante importante na casa que está ao lado da Hermida de Chanteiro, supoño que vostede saberá que iso, primeiro non dixo que quería facer nela e segundo tampouco o consultou co resto de partidos e dirá vostede non é necesario consultalo paréceme ben, pero aparte de non dicir a que vai destinar tampouco xustificou a valoración para facer esa compra, e sabe que iso leva consigo facer unha reforma grande por dentro, por certo vai ser unha infraestrutura pública e despois o mantemento e vostede aquí tampouco xustifica ningunha partida para todo iso, e polo tanto é moi importante que a xente lle digamos ben as cousas ou sexa hai unha responsabilidade política da que nós entendemos que cada un fai o que quere pero tamén hai que xustificalo de algúna maneira.

Por outra parte vostede fala aquí de Ada Colau que pode expropiar, fai uns días nos presentamos unha iniciativa que por certo foi moi ben valorada por moita xente, era unha iniciativa que propoñiamos para a creación dun centro polivalente, que era unha infraestrutura que vostede prometía tamén pero que aquí non aparece neste proxecto e vostede unha das cousas que dixo para non votar a favor foi que aí non se podía expropiar e o que custou ese terreo no boom inmobiliario todo iso, o que custou no boom inmobiliario pois foi o que custou sabemos todos que foi unha burbuilla inmobiliaria, que nesa burbuilla inmobiliaria houbo un desfase grande entre as necesidades do concello e as posibilidades que podía ter e por iso hai edificios que non están rematados, vostede antes recoñecía que hai vivendas baleiras en Ares, hai moitas vivendas baleiras en Ares pero áinda así vostedes estiman unha subida de habitantes para o ano 35 e áinda así vostede estima que hai que ampliar a capacidade de edificación con ese polígono ou con esa zona que se quedaron igual cando pase o tempo xa veremos a quien beneficia eu áinda non mirei que ten terreos neses sitios pero igual nos encontramos cunha sorpresa.

Hai moitos edificios abandonados en Ares e hai grandes problemas derivados dunha mala planificación por exemplo, As Anclas entre moitos outros e iso tamén leva consigo que dende o goberno que vostede preside non se de acceso a información a pesar de ser requirida, esa información polo tanto e moi necesaria poñer as cousas onde deberían estar, repito o estudio económico recoñece que a día de hoxe o concello non ten capacidade para acometer todas as obras tamén di que é posible que se chegue a acordo con outras administracións e eu espero que si, sempre que se chegue a acordos pero nos non podemos bailar isto e como non se dan as circunstancias dunha seguridade xurídica, igual seguridade xurídica si, pero como non se dan as circunstancias dunha información certa a xente que presentou as alegacións, nos o que pedimos é más tempo, e o que pedimos é que este documento non se someta hoxe a aprobación que quede encima da mesa, se nos de más tempo para estudar o documento para comprobar eses datos que vostede di que son pero que o equipo redactor non plasma



aquí, e tamén para que se notifiquen as alegacións e vostede decía ademáis que preveía porque a poboación aumentaría e a policía local se supón que tamén, bueno pois casualmente hoxe remata o contrato un policía municipal e quedamos con un policía en Ares, entón vostede non veña aquí a vender fume que lle ten interés cando todos sabemos cal e a situación da policía municipal e porque nos quedamos só cun policía local e iso non é unha casuística.

É falso eso que di que aprobamos este documento ou non aprobamos ningún o que si é certo e que vostede trae este documento agora aquí e que si non se aproba non se aproba outro, eso si é certo, pero pode haber outro documento e más nos si tivesemos más poderíamos chegar a facer propostas para intentar chegar a un acordo porque claro vostedes contestaron as alegacións. O BNG fixo 25 alegacións, 2 foron favorables, 3 parcialmente favorables, 20 alegacións desfavorables, pode dicir vostede que técnicamente non era posible, habería que mirar tamén si habería outra maneira de apañar esas propostas que nos fixemos e digolle esto porque vostede tamen dedicouse durante todos estes anos a dicir que o BNG poña paus nas rodas e que non facía propostas, tamén valen como propostas as alegacións porque en realidade son propostas, entón non entendemos porque vostede mentiu nese caso. Non sabemos se esa presa de aprobalo en menos dun mes, nunha semana, non sabemos que esa presa que a vostede lle entrhou ten algo que ver cun papel que lle diriximos nos a valedora do Pobo que foi o día trece de novembro onde lle pedímos a valedora do pobo que por favor que mediase para ver si era posible que os veciños/as primeiro, se o proceso se estaba tramitando como tiña que ser por parte do goberno municipal respecto aos procedementos estipulados na lexislación vixente tanto no referente aos prazos e metodoloxía como o dereito a información e acceso a documentación por parte dos membros da corporación, tamén lle diciamos a valedora que requirise no caso de verificar o anterior no Concello de Ares a execución das medidas que fosen pertinentes para repoñer a legalidade e moi especialmente das persoas e colectivos afectados que teñen presentadas as alegacións a aprobación inicial do PXOU do seis de marzo do 2014.

Fíxese vostede que todas estas consultas que lle fixemos a valedora vai en positivo para nada lle dicimos oiga saque vostede a xente que esta facendo o plan, non estamos pedindo que a ver si é posible repoñer o que nos entendemos que non é a legalidade, ademais con independencia do anterior si é legal ou non é legal, instar ao concello de Ares a que notifique as resolucións ditadas a cada unha das 647 alegacións presentadas. Pois isto que presentamos o trece de novembro foi aceptado pola valedora do pobo, tamén hai que dicir que quen se encarga de mediar e D. Salvador Fernández Moreda pero, que lle vamos facer non , entón a cuestión e que a Valedora do Pobo dirixiuse ou iso foi o que notificou dirixiuse ao Concello de Ares para tratar esta historia, polo tanto non sabemos si ese feito a vostede lle repercutiu e foi o motivo polo que terá que recoñecer isto está sucedendo demasiado rápido para un tema co que levamos oito anos e que vai ser decisivo para os próximos dezaseis anos.

Xa centrémonos máis no tema que é o contido do PXOU as zonas verdes, a maioría das zonas verdes que se definen na proposta son para cumplir uns requisitos mellor ou peores pero por lei e ademais figuran vinculadas a execución de plans especiais Lubre, A Xunqueira, Pedrós e Chanteiro que non pasan do capítulo das propostas.

En canto aos equipamentos dicía antes que non se contemplan necesidades como o centro polivalente e pola contra mantense equipamentos nos que se dilapidaron os cartos públicos Picadeiro de Montefaro, Cidade Deportiva de Pedrós e sen definir os usos a casa de Chanteiro. Sistemas xerais non resolve a cuestión do modelo sustentable, no tocante a relación de persoas e vehículos da circulación en Redes e en Ares.

Vamos a ver Sr. Alcalde todos recoñecemos que hai un problema grande sobre todo na tempada de verán para circular, entendemos que ben demasiada xente ao respecto da xente que ben en inverno polo tanto os equipamentos e as infraestruturas públicas e privadas non dan abasto, pero sen embargo non se contemplan na proposta este feito, no caso de Redes teimase en levar os coche no casco urbano en troques de aparcadoiro



disusorio como alternativa apertura de novas vías que demostraron escuros intereses, porque vamos a ver vostede dicía que non facemos propostas, pero vamos a ver se nos o ano pasado viñemos cunha proposta que partiu da veciñanza de Redes para facer un aparcadoiro ao lado da estrada e ademais perfectamente xustificada porque non entra dentro do casco non hai que expropiar terras, porque iso é dun único propietario e iso se pode negociar porque iso da a estrada, eran todo comodidades non hai que facer ningunha vía e polo tanto non habería que expropiar terreos para facer esa vía. E o aparcamento de Redes segundo nos di a xente de Redes ben lles chega e os que veñen de fóra pois que aparquen un pouco máis arriba, que non lles ben nada mal camiñar un pouco e así gozar tamén das vistas que nos da Redes, e vostede iso tampouco o incluíu e ademais e unha proposta tamén que viña de Redes pero vostede non a incluíu.

En Ares ademais queda áinda sen resolver o problema de acceso a zona portuaria vostedes saben que unha das teimas mas grandes do BNG era o acceso a zona portuaria un acceso que ten que circunvalar non meter polo centro, circunvalar e chegar ala por onde ten que chegar e vostede recoñeceu que ese tema non o quería nin tocar porque lle daba problemas cos veciños, pero vostede intentou negociar cos veciños e mirar algúna alternativa cos veciños, non o fixo, entón vostede rexeitou esa posibilidade, e esta posibilidade é moi importante porque eu creo que a Praza da Igrexa debe ser unha praza peonil que comunique co peirao, e quen sabe se no futuro podemos mirar de facer que comunique tamén coa Praza do Concello, está idea dilla ao redactor e o redactor dixo que lle parecía moi interesante certamente habería que estudalo pero a idea está aí, e vostede nin sequera deu forma a estas propostas e pretenden vender o tráfico rodado pesado pola Praza da Igrexa que tal e como ten a súa terminación o solo de pedra, non está pensado para que transitén por eles camións e vehículos pesados senón levaría asfalto, polo tanto non se definen aparcadoiros nesa proposta que facíamos tamén plantexabamos 150 aparcadoiros e era posible, más vostede dixo que non, é vostede acaba de decir agora hai pouco que o que vostede non vai facer e expropiarlle aos veciños Sr. Alcalde a noticia que temos e que iso é propiedade do banco, eu non digo que haxa que ir en contra dos bancos pero aínda que de vez en cando non se lles de de gañar moitos cartos tampouco pasaría nada mal.

En canto a atención aos conxuntos históricos singulares de Redes e de Ares, rexeitase a definición de zonas de rehabilitación para os singulares espazos de Redes e Ares perdendo a posibilidade de acceder as axudas que están a beneficiarse outros concellos do noso entorno e favorecer a rehabilitación como elemento dinamizador da economía. Mire Sr. Alcalde eu voulle dar unha visión rápida e sinxela de o que é a construcción, unha e a nova construcción e outra a rehabilitación, se cae a nova construcción porque houbo unha burbuilla inmobiliaria e era un fracaso e caeu só nos queda o recurso para dinamizar o sector da construcción que é a rehabilitación, que ademais poñerían as casas bonitas e o concello gañaría, pero vostede tamén rexeita esta posibilidade.

En canto aos núcleos rurais aquí queda descuberto que era o que lle decía antes, porque e infomación da que non dispoñemos, que eu non lle estou dicindo que a información que vostede me da sexa certa, eu estoulle dicindo que entón haberá que poñelo no documento que para min é o que vamos a aprobar non o que vostede nos deu.

Cando falaron das virtudes do novo PXOU ampliación dos núcleos que se definían no 1999, xa lle explicamos antes cantos demais había e tamén a cantas casas afectaba en algún caso tres noutro sete, os resultados son vencativos, San Roque tres casas, Rodelas sete e a Rúa doux eu falo da documentación que pon aquí non falo doutra cousa. É evidente unha falla de vontade política por asentar poboación no rural no que temos 1871 habitantes.

Estratexia de poboación e viabilidade económica, a maioría das actuacións que se pretenden nas zonas rurais, equipamentos, zonas verdes requiren dun proceso de expropiación así o di o documento que terán que asumir as arcas municipais ao que haberá que engadir logo do financiamento para executar os proxectos, os investimentos



ascenden a nove millón oitocentos sesenta e nove mil catrocentos seis euros, cuxos membros redactores do proxecto dubidan de que estes investimentos cheguen a producirse.

Nós decimos que para desmontar a súas mentiras o BNG participou facendo propostas, negouse a participación na elaboración en todo momento, pedimos que se atendese a transparencia e a información aos veciños/as para que se fose explicando polas parroquias este proxecto, non se fixo, e pedimos que se lle contestasen tamén as alegacións e como dicía antes, que recoñeceu o propio Secretario municipal nada impide que se lle de traslado dunha información, dunha comunicación a quen fixo alegacións e reclamacións.

Este proxecto vense aquí para aprobar, vostede di vouno a aprobar no pleno, nos somos parte do pleno, nos pedimos que quede enriba da mesa para máis adiante, porque pedimos que a xente que está aquí teña información, si vostede cree de verdade que non había outra maneira de facelo porque ten medo a dar información a xente, a información que vostede vai a asumir que non foi a que vostede fixo, a fixo o equipo redactor, que vostede asume e trae aquí, por todo isto nos pedimos que o tema quede enriba da mesa que se nos deixe un pouco máis de tempo, si estivemos esperando oito anos ata aquí non pode pretender despáchalo nunha semana, podemos esperar un mes e así vemos toda a documentación e eses erros dos que eu falaba antes poderíanse resolver e poderíamos achegar algunha das cousas que nos consideramos que son importantes porque nos tamén temos veciños/as áinda que non teñamos o mesmo número de votos e lle volvo a recalcar outra vez, o da lexitimidade dos resultados electorais vostede critica a Rajoy e el lle dirá a lexitimidade electoral.

Polo tanto este plan non é o plan que precisa o concello porque no é non visualiza unha realidade nin unha necesidade do concello en canto equipamentos e polo tanto non é un plan que contase coa colaboración e participación dos veciños/as como reclamaba Son de Ares, polo tanto nós se vostede finalmente non decide deixalo enriba da mesa e quere sometelo a votación, nos obriga a votar en contra do plan, pero non estamos no 1999 cun plan do 1999 estamos no ano 2017, vinte anos despois e o mesmo plan do 1999 e as cousas cambiaron moito porque tiven a ocasión de ver unha foto daquel momento e me chocou que había un Guarda civil cun teléfono enorme cunha antena enorme, claro e que hai vinte anos os teléfonos eran así e hoxe son de outra maneira, polo tanto as necesidades e as características no espazo de tempo e francamente distintas ao que temos agora e se non aprendemos nada que era un plan con luces e sombras e non aprendemos nada das sombras que se consideran doutro plan e que non estamos aprendendo nada.


Conclúe o Sr. Mesías Farías a segunda quenda de intervencións dando as grazas a todos e aos veciños/as por escoitalo.

O Sr. Alcalde da a palabra a voceiro do PP Sra. Martínez Martínez na segundo quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que agora vai falar das deficiencias do documento, que non foron poucas ata deficiencias fotográficas por decilo de algunha maneira.

Aínda que tiven moi pouco tempo que xa dixen anteriormente só seis días e lle recordei ao Sr. Alcalde que eu traballo eu non vivo desto e vostede constestoume eu tamén trabalho, pero eu encontrei deficiencias e eu creo que vostede nin se quera as viu vou a empezar polos polígonos.

Os polígonos 2 e 6 enclavados entre as Rúas Celso Emilio Ferreiro e Ramón Pimentel quedaron sen desenvolver Sr. Luis Cendán, quedaron sin desenvolver no PXOM do 1999, alí existía por aquel entonce vivendas unifamiliares en estos estados e xeneran conflictos, moitos conflictos e vostede cando hai conflicto escapa, entón o razonable urbanísticamente sería ubicar estes polígonos noutra zona. Precisamente foi dictaminada como favorable a alegación 2236, que no o entendemos que estaba incluída dentro de un deseos polígonos na aprobación inicial



deste plan, usted habla de los núcleos como si fuera un éxito seu e me da a risa. O único do documento que ten unha relevante importancia porque moitos fillos van poder facer casas nesas terras que lle deixou o seu pai o seu avó e que despois vostede dedícanse a expropiar para facer aparcadoiros, campo da festa 24834 metros cadrados. Vai a haber moitos veciños/as beneficiados destes núcleos, do cal aledámonos tremendaamente porque os núcleos rurais pero quero deixar claro que este mérito é da política urbanística e social do PP Sr. Alcalde, é unha obra do PP que apostando en todo momento polo rural galego dado que co cambio da Lei 2/2016 do Solo de Galicia facilitase a edificación no núcleo rural, non foi obra súa Sr. Alcalde senón tamén o que fai no só e o envellecemento do rural co cal apostou o PP nesta Lei 2/2016 senón o que tamén fai esta lei é o éxodo dos xovenes deste entorno ao non poder edificar neste momento en parcelas familiares a esta medida acolleuse este concello, levando así a creación de novos núcleos para incorporalos aos que xa tiña non vaia dicir que vostede fixo núcleos novos vamos, soamente falta un núcleo e ahí e donde atopamos unha deficiencia, falta un núcleo un núcleo moi importante Sr. Alcalde como o dos Galgos que xa llo dixen anteriormente porque é un dos lugares más emblemático da parroquia de Cervás e que vostede exclúe.


A pesar de que como de costume inténtase imposibilitar a fiscalización deste governo municipal unha e outra vez e contamos cun tempo máis que insuficiente para o estudo deste documento lles poñeremos doux exemplos que evidencian o total descoñecemento que vostedes teñen sobre o documento que tardaron oito anos en prestarnos en deixarnos codificado no vaia ser que encontren algo por ahí que non nos guste. Faise entrega do documento tarde mal e a rastro pero como de costume con errores flamantes en perimetría, contestación as alegacións etc... este é o resultado da falta de traballo na elaboración do PXOM, voulle a dicir un dos errores que encontrei.

Na alegación 1544 a parcela obxecto da reclamación está ubicada no núcleo rural do Cmño. de Pedrós, repito do Cmño. de Pedrós porque si Sr. Cendán doume tempo a leer as alegacións pero porque, porque non dormín, porque vou traballar non faltei un so día ao traballo, non dormín pero estou orgullosa porque traballei para todos os aresáns cosa que vostedes non fixeron, pois nesa alegación rogo fagan a corrección que o núcleo chámase, núcleo de Loureiros non de Pedrós de Loureiros.

Outro núcleo que nos chamou poderosamente a atención e o núcleo de Carballás, este núcleo está entre o Paralelo e Seselle, descoñecemos si hai alegación ou non a esto pero aquí hai unha parcela que non ten xustificación algúnya para a súa incorporación xa que o forte deste núcleo está na carreteira de Seselle-Ares e a parcela a que fago referencia encóntrase precisamente ao marxe contrario sin que as parcelas colindantes a elas sexan incluídas dentro deste núcleo, xa que defenden que o PXOM non é nada político, gustarianos que o Sr. Alcalde o Portavoz do NAL nos den unha explicación de porque si está fóra porque entra dentro deste núcleo, non saben no lles dou tiempo a mirar o plan.

No núcleo de Pedrós, tamén consideramos que este núcleo está incompleto, dado que quedan catro parcelas que nos consideramos que si debían estar recollidas, fixense o pouco que traballaron, eso si a coste cero non, coste cero para o pobo non, que non se molestaron en buscar unha nomenclatura toponímica a este núcleo dándolle o nome do camiño. Pois mire, pese ao pouco tempo que me deron molesteime en chamar aos veciños e saber como se chamaba ese núcleo e vamos a ter a deferencia de informarles que ese lugar e coñecido como As Pereiras, dato moi fácil de averiguar.

Tamén encontramos outra alegación que é a 2355 que se desestima, esta alegación desestimouse negando la existencia dun convenio legalizado e rexistrado na notaría de Mugardos polo cal foi posible realizar o paseo fluvial da Xunqueira por parte de este concello, e vostedes dictaminan esta alegación mentindo.



Outra das deficiencias e a referente a Redes, Redes como ben sabe Sr. Alcalde e unha das zonas con máis presión urbanística do noso concello, queremos que se nos explique por parte do goberno local que expectativas de crecemento barallan vostedes, dado que o crecimiento que se lle dá neste plan é praticamente nulo.

Con respecto aos plans especiais recollidos neste PXOU deixan en evidencia que a redacción neste documento é notoriamente deficitario e incompleto, posto que se deixan pendentes todas as zonas que xerarían para a súa execución un período de tramitación que se dilataría no tempo e que requiriría dun gran traballo que vostedes non deben estar dispostos a facer isto significa que vostedes son alleos a labor que ten que facer un político simplemente é resolver os problemas dos veciños/as aos que vostedes obvian en toda esta tramitación Sr. Alcalde, no só obvian as alegación que fixo o PP senón que tamén obvian aos veciños.

A Sra. Martínez Martínez diríxese ao Sr. Pita Carballeira preguntando cantas veces falou cos veciños/as.

Responde o Sr. Pita dicindo que con vostede ao lado ningunha.

Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez dicindo que non, que non rexentan os mesmos bares, pero gustaríame saber con cantos reunise.

Continúa a Sra. Martínez Martínez coa súa intervención dicindo que se aledan tamén que despois de oito anos intentando buscar localizacións alternativas a proposta feita polo PP, ao final unha vez más danlle a razón e o novo cementerio municipal emprazarase na Rega da Fraga.

Pedimolles unha vez más Sr. Alcalde que rectifique e acepte as alegacións presentadas polo noso grupo polo ben de noso municipio senón Ares non terá perspectiva de futuro Sr. Alcalde.

Con respecto ao catálogo de patrimonio histórico artístico non se pode facer peor Sr. Alcalde, onte as dúas da noite quedábame por mirar este documento, empecei a miralo e eu pregunto, en oito anos vostedes non tiveron tempo de realizar as fotografías fóra dos días de mercadillo que teñen que mostrarlle a xunta este documento en que se lle oferta a lencería fina ante unha fachada de patrimonio como é o noso mercado, descoñecemos absolutamente o que para vostedes é digno de formar parte do catálogo de patrimonio pero é que doume vergoña ver esa foto, non tiñan outra foto para mostrar e levar a xunta, a lencería fina aí colgada diante do mercado por decirlo finamente, es que xa é o colmo.

Para rematar, queremos que se nos explique porque neste PXOU só hai unha bolsa de solo urbanizable de tipo residencial en todo o municipio que sorprendentemente encóntrase entre o núcleo urbano de Ares e o núcleo rural de Lubre, na zona de Maciñeiras.

En conclusión dado as innumerables deficiencias encontradas neste documento, este grupo vai facer unha proposta Sr. Alcalde a vostede e ao seu grupo de goberno. Solicitamos que se suspenda este pleno e que quede sobre a mesa a aprobación provisional do PXOU para propiciar un diálogo tanto cos grupos da oposición como cos veciños/as Sr. Alcalde esta é a nosa proposta.

Intervén o Sr. Alcalde, fixados os dous quendas de intervención dos grupos, sinalar que evidentemente pola miña parte temos a obrigación evidentemente de resolver os problemas dos veciños/as pero neste caso de todos é imposible. Todo Ares non pode ser urbano, levamos oito anos con este traballo e está claro que sobre determinados puntos concretos podemos ter visións diferentes.

Eu cando entro en Redes visto coches nas beirarrúas, en Ares cando aparcas nunha beirarrúa te multan, en Redes non, ti vas e ves na Avda. Gaspar Rodríguez chea de coches nas beirarrúas, e en verano as rúas peonís con coches



diante de bancos de entradas de vivendas e por certo en toda a Gaspar Rodríguez oitenta coches e a iso non temos que darlle solución, dámosselle solución. En calquera caso hoxe en día non se pode facer nada no rural só se pode facer en Ares e Redes e a partir deste plan se pode facer en moitísimo sitios máis, por suposto se fala que grazas ao PP nós dicimos que no ano 1999 abriuse o camiño e agora efectivamente avanzamos, no só os grupos do 1999 agora son máis, modificouse a fisionomía porque incluso conseguimos unir catro en consecuencia efectivamente co seu voto non será, co noso si queremos que se poida construír no rural.

O deseño dos polígonos, o deseño dos núcleos non é fácil definir porque hai un grado de consolidación que che da o crecemento e o grado de consolidación para esta parcela pero non para a seguinte e o veciño ten dereito a dicir porque eu non e o que está ao lado si, pois porque o grado de consolidación non da, e o mesmo que un alumno saca un 4,9 e suspende porque o aprobado está nun 5 e a diferenza está nunha décima e o día deixa de ser día as 00:00 h e dicir, esas fronteiras existen, porque o grado de consolidación chega ata aquí e digo e repito que más quixera que satisfacer os intereses absolutamente de todos/as.

Solo hai un urbanizable porque a construcción en vertical en Ares está acolmatada hai pisos sen vender edificios sen terminar, e esta Alcaldía non lle tremeu o pulso cando chegou o goberno e paralizou construcións que eran ilegais se as paralizara sendo legais eu estaría na prisión e non estou na prisión, o que significa que o que paralicei ben paralizado está, e en consecuencia o que se necesita e construcción en horizontal e dicir, constucción unifamiliar illada para os fillos das familias, máis edificios en vertical en Ares non, entón para que queremos más urbanizables, un é más que satisfactorio, ademais en todo caso xa digo están fixadas as posición e en consecuencia hai que votar as propostas dos grupos que quedan sobre a mesa.

Continúa o Sr. Alcalde preguntado si a proposta do BNG coincide ca do PP ou son diferentes.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que a súa proposta que xa a relatou antes e que debido a que entendemos que hai unha inseguridade por parte dos veciños e que a nós non nos deu tempo a estudar o documento e queremos aportar posiblemente necesitamos de más tempo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que non fai falta que relate outra vez a proposta que concreto e pregunta que si coincide ca do PP.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que si que coincide, que este grupo solicita que se suspenda este pleno.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que entón non coincide que o Sr. Mesías non solicita a suspensión do pleno.

Toma a palabra a Sra. Martínez dicindo que si lle deixa acabar por favor.

Responde o Sr. Alcalde dándolle a palabra.

Continúa a Sra. Martínez Martínez dicindo que o seu grupo solicita a suspensión do pleno e que quede sobre a mesa a aprobación provisional do PXOU para propiciar un diálogo tanto cos grupos da oposición como cos veciños/as.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando si coinciden as propostas ou non coinciden.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que el é o encargado de dirixir o pleno saberá si coinciden ou non.

Interrompen o público pedindo a palabra.



# CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E



Responde o Sr. Alcalde dicindo que agora no e momento que vai dar paso as votacións que o pleno ten que continuar que despois poderán intervir o que queiran.

Intervén o Sr. Alcalde sometendo a votación a proposta do BNG de deixar o PXOU enriba da mesa

Na súa virtude, sometida a votación a emenda do BNG, de deixar o documento sobre a mesa por 6 votos a favor (3 PP E 3 BNG) 7 votos en contra (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL E 1 Son de Ares), acorda:

**Primeiro.- Denegar a emenda do BNG, na que se propón deixar o PXOU sobre a mesa.**

Intervén novamente o Sr. Alcalde dando paso a votación da emenda do PP na que solicita a suspensión do pleno e que quede sobre da mesa a aprobación provisional do PXOU para propiciar un diálogo tanto cós grupos da oposición como con os veciños/as.

Na súa virtude, sometida a votación a emenda do BNG, de deixar o documento sobre a mesa por 6 votos a favor (3 PP E 3 BNG) 7 votos en contra (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL E 1 Son de Ares), acorda:

**Primeiro.- Denegar a emenda do PP, na que se solicita a suspensión do pleno e que quede sobre a mesa a aprobación provisional do P.X.O.U para propiciar un diálogo tanto con os grupos da oposición como con os veciños/as.**

O Sr. Alcalde na súa virtude somete a votación a aprobación provisional do PXOU.

Na súa virtude, sometida a votación a aprobación provisional do P.X.O.U por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL E 1 Son de Ares) e 6 votos en contra (3 PP E 3 BNG), acorda:

**Primeiro.- Aprobar con carácter provisional o P.X.O.U.**

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce e vinteseis minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,



O SECRETARIO

